

FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 2º ESO
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da 3ª avaliación

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos	CMCCT
	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional	CMCCT
B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando cun sentido crítico o seu impacto ambiental	CCL, CMCCT, CSC
B5.3. . Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiás.	FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas Celsius e Kelvin	CMCCT

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos: Recollida e corrección das tarefas de resolución de problemas propostas a través da aula virtual ou enviadas a través do centro.. Comprobación da realización de cuestionarios con autocorrección na aula virtual. Observación diaria do traballo realizado polo alumnado e a actitude fronte á materia.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media da cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, con decimais, e sumaráselle ata un punto polo traballo realizado na terceira avaliación. Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático. O alumnado que non tiña aprobada a 1ª e a 2ª avaliación, realizará actividades de recuperación dos estándares correspondentes, que subirán á aula virtual ou entregarán a través do correo electrónico, e que valerán para recuperar as avaliacións suspensas. Se non se entregan estas actividades, se é posible, realizarase unha proba escrita con preguntas referidas aos estándares da 1ª e da 2ª avaliación nos que figura un grao mínimo de consecución do 100 %, e se non é posible realizarase unha proba telemática das mesmas características a través da plataforma webex ou da aula virtual.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No mes de setembro realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100% correspondentes á primeira e á segunda avaliación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Realización de tarefas de resolución de cuestións e problemas. -Realización de cuestionarios na aula virtual. -Consulta de páxinas web de museos de ciencia e de actividades interactivas. -Intercambio de información, consulta e resolución de dúbidas ou correccións, mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou a través da aula virtual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Alumnado con conectividade:</p> <p>Na aula virtual propóñense a diario tarefas de resolución de cuestións e problemas que o alumnado entrega a través da aula virtual e que se devolven corrixidos, relacionadas cos estándares da 1ª e 2ª avaliación e cos indicados da 3ª.</p> <p>Realízanse cuestionarios na aula virtual con autocorrección sobre os contidos máis teóricos.</p> <p>Estas actividades serán de repaso e reforzo para os que tiñan as dúas primeiras avaliacións aprobadas e de recuperación no caso de non estar aprobadas.</p> <p>Mantense un contacto constante do alumnado a través da aula virtual, o correo electrónico ou as chamadas telefónicas para resolver dúbidas e intentar que manteñan o interese pola materia.</p> <p>Alumnado sen conectividade (todos eles teñen teléfono móbil):</p> <p>A metodoloxía é similar, pero material descargouse e imprimiuse e pasaron a recollelo polo centro. Deben entregalo sacándolle fotos e a través do teléfono móbil ou levándoo de novo ao centro.</p> <p>Propuxéronselles páxinas de actividades interactivas que poden consultar desde o móbil.</p> <p>Mantense igualmente o contacto pero a través do teléfono.</p>
Materiais e recursos	<p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Teléfono.</p> <p>Páxinas web.</p> <p>Material impreso elaborado polo departamento.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico, a aula virtual e a páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do IES de Quiroga.